



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias febreiro 2018

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no segundo mes deste ano 2018 acadou a cifra de 978.489 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de xaneiro de 2018 de 5.027 afiliacións (un 0,52%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.363.514, rexistrando un incremento do 0,45% con respecto ao pasado mes de xaneiro.

Na comparativa interanual (febreiro de 2018 con febreiro de 2017) obsérvase un comportamento similar, é dicir, un incremento de 24.926 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,61%), e un incremento do 3,47% (615.259 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xaneiro deste ano 2018, os únicos descensos rexístranse en: Cantabria (-0,28%) e Castilla – La Mancha (-0,31%). Illes Balears, cunha taxa do 3,43%, é a que presenta o mellor comportamento seguida de Navarra (0,85%), Murcia (0,83%), Cataluña (0,74%), Galicia (0,52%) e o resto de comunidades autónomas.

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas e por riba do 1,6%. Os maiores incrementos atopámoslos en: Illes Balears, Canarias, Madrid e Comunitat Valenciana (todas elas con taxas superiores ao 4%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,47%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2018 | VARIACIÓN | | | |
|----------------------|-----------------------------------|---------------|-------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| España | 18.363.514 | 81.483 | 0,45 | 615.259 | 3,47 |
| Galicia | 978.489 | 5.027 | 0,52 | 24.926 | 2,61 |
| Andalucía | 2.993.197 | 488 | 0,02 | 101.433 | 3,51 |
| Aragón | 552.775 | 2.745 | 0,50 | 19.320 | 3,62 |
| Asturias | 356.052 | -1 | 0,00 | 5.844 | 1,67 |
| Illes Balears | 423.460 | 14.033 | 3,43 | 18.980 | 4,69 |
| Canarias | 783.665 | 3.108 | 0,40 | 34.887 | 4,66 |
| Cantabria | 207.449 | -576 | -0,28 | 4.383 | 2,16 |
| Castilla La Mancha | 671.808 | -2.109 | -0,31 | 23.625 | 3,64 |
| Castilla y León | 893.511 | 2.995 | 0,34 | 17.779 | 2,03 |
| Cataluña | 3.291.909 | 24.262 | 0,74 | 110.952 | 3,49 |
| Comunitat Valenciana | 1.814.974 | 5.842 | 0,32 | 69.946 | 4,01 |
| Extremadura | 380.493 | 784 | 0,21 | 8.196 | 2,20 |
| Madrid | 3.074.947 | 14.480 | 0,47 | 120.350 | 4,07 |
| Murcia | 558.099 | 4.583 | 0,83 | 19.022 | 3,53 |
| Navarra | 273.873 | 2.311 | 0,85 | 10.072 | 3,82 |
| País Vasco | 938.847 | 2.916 | 0,31 | 20.304 | 2,21 |
| La Rioja | 125.255 | 496 | 0,40 | 3.409 | 2,80 |
| Ceuta e Melilla | 44.712 | 99 | 0,22 | 1.832 | 4,27 |

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,37%, o que supón 11.024 afiliacións máis, seguida de A Coruña cunha taxa interanual do 2,27% e Ourense (2,22%). A provincia con menor incremento relativo é Lugo, onde se rexistraron 2.375 afiliacións máis que en febreiro de 2017, un incremento relativo do 2,03%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de febreiro con respecto ás do mes de xaneiro de 2018, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,52%. Todas as provincias amosan un dato positivo presentando os maiores incrementos Pontevedra (0,68%) con 2.284 afiliados máis e A Coruña (0,54%) con 2.242 afiliacións máis que en xaneiro de 2018.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2018 | VARIACIÓNS | | | |
|----------------|--------------------------------|---------------|-------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 419.650 | 2.242 | 0,54 | 9.326 | 2,27 |
| LUGO | 119.163 | 128 | 0,11 | 2.375 | 2,03 |
| OURENSE | 101.225 | 373 | 0,37 | 2.201 | 2,22 |
| PONTEVEDRA | 338.451 | 2.284 | 0,68 | 11.024 | 3,37 |
| GALICIA | 978.489 | 5.027 | 0,52 | 24.926 | 2,61 |
| ESPAÑA | 18.363.514 | 81.483 | 0,45 | 615.259 | 3,47 |


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,2% das afiliacións galegas en febreiro de 2018, incrementáronse un 0,58% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,69%. En España estas taxas foron do 0,43% con respecto a xaneiro de 2018 e do 4,05% en relación ao mes de febreiro de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas aínda que é Pontevedra a que amosa un descenso máis moderado (-0,17%). O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,68%. Para este réxime e con respecto ao mes de xaneiro de 2018, estas taxas son porén positivas nas catro provincias e temos así unha taxa do 0,23% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva nos datos con respecto a xaneiro de 2018 (0,50%) e unha variación interanual tamén positiva con respecto a febreiro de 2017 (0,89%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a febreiro de 2017 son negativas en A Coruña e Pontevedra e mantense constante (0,00%) en Lugo; o que fai que a taxa galega sexa do -0,50% moi preto do dato de España (-0,48%). No caso das taxas intermensuais temos comportamentos positivos en A Coruña (3,37%) e Pontevedra (0,65%). Unicamente temos unha taxa negativa en Lugo (-3,16%) e a taxa galega amosa así un incremento do 1,13% con respecto a xaneiro de 2018. A taxa nacional é do 1,44%.




Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN FEBREIRO 2018 | VARIACIÓNS RELATIVAS | |
|------------------------------|-----------------------------|----------------------|------------|
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| TOTAL SISTEMA | | | |
| A CORUÑA | 419.650 | 0,54 | 2,27 |
| LUGO | 119.163 | 0,11 | 2,03 |
| OURENSE | 101.225 | 0,37 | 2,22 |
| PONTEVEDRA | 338.451 | 0,68 | 3,37 |
| GALICIA | 978.489 | 0,52 | 2,61 |
| ESPAÑA | 18.363.514 | 0,45 | 3,47 |
| R. XERAL | | | |
| A CORUÑA | 327.670 | 0,58 | 3,15 |
| LUGO | 82.625 | 0,16 | 3,56 |
| OURENSE | 76.317 | 0,48 | 3,33 |
| PONTEVEDRA | 258.574 | 0,75 | 4,52 |
| GALICIA | 745.186 | 0,58 | 3,69 |
| ESPAÑA | 15.090.156 | 0,43 | 4,05 |
| R. ESPECIAL AUTÓNOMOS | | | |
| A CORUÑA | 85.967 | 0,19 | -0,71 |
| LUGO | 35.036 | 0,13 | -1,32 |
| OURENSE | 24.908 | 0,02 | -1,03 |
| PONTEVEDRA | 66.618 | 0,40 | -0,17 |
| GALICIA | 212.529 | 0,23 | -0,68 |
| ESPAÑA | 3.209.919 | 0,50 | 0,89 |
| R. ESPECIAL DO MAR | | | |
| A CORUÑA | 6.012 | 3,37 | -1,05 |
| LUGO | 1.502 | -3,16 | 0,00 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 13.259 | 0,65 | -0,31 |
| GALICIA | 20.773 | 1,13 | -0,50 |
| ESPAÑA | 61.092 | 1,44 | -0,48 |

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>